

23

- ● ● ● ● EXPRESIÓN VERBAL
- ● ● ● ● EXPRESIÓN CORPORAL
- ● ● ● ● CREATIVIDADE
- ● ● ● ● VOCABULARIO
- ● ● ● ● ESCOITA ACTIVA
- ● ● ● ● TRABALLO EN GRUPO
- ● ● ● ● DIFICULTADE

6 ou máis participantes
15 minutos

Recitado. Xogo de roda

Expresividade. Creatividade

POLIFONÍA DE VERSOS

MATERIAIS

2 copias dun texto/poema para ser lido. 1 copia para o dinamizador ou dinamizadora e outra separada en anacos para ser lida por participantes.

ESPAZO

Espazo para estar en roda.

DESCRIPCIÓN

Repártese un texto ou poema en tantos anacos como participantes. En primeiro lugar lerase normalmente e por orde, verso a verso ou frase a frase. Da segunda vez lerase a modo de canon: cada lector comezará a súa frase cando a quen o antecede lle falten tres ou catro palabras para concluír a súa. Na terceira lectura cadaquén decide cando debe comezar. Na seguinte volta a lectura é libre, procurando non solaparse e encher os silencios: poden repetirse versos, palabras e non importa que máis dunha voz lea ao mesmo tempo.

